

NORMATIVA PARA A SELECCIÓN DE ESTUDANTES DA ESCOLA DE ENXEÑERÍA INDUSTRIAL PARA O PROGRAMA DE MOBILIDADE ERASMUS-ESTUDOS

Contido

1. Obxecto	1
2. Criterios de selección de estudantes	1
3. Selección de estudantes e adjudicación das prazas	3
4. Publicación da relación provisional de bolseiros e alegacións	3
5. Resolución de incidencias	4
6. Disposición transitoria	4

1. Obxecto

Esta normativa define os criterios específicos de centro que debe cumprir o alumnado da Escola de Enxeñería Industrial (EEI) para participar no programa de mobilidade Erasmus-estudos –tal e como se contempla nas bases da convocatoria de dito programa– e particularmente o procedemento de selección, resolución e notificación dos estudantes de mobilidade.

Esta normativa complementa o Regulamento da Escola de Enxeñería Industrial da Universidade de Vigo para programas de mobilidade de estudos.

2. Criterios de selección de estudantes

A selección dos estudantes da EEI para o programa de mobilidade ERASMUS será realizada atendendo ós seguintes criterios:

1. Seleccionaranse únicamente alumnos de Grao que teñan superados todos os créditos ECTS do primeiro curso da titulación e polo menos 30 créditos ECTS do segundo curso.

2. Seleccionaranse preferentemente alumnos de Mestrado da EEI que teñan superados polo menos 18 ECTS do primeiro cuadrimestre do primeiro curso de mestrado.
3. Terán prioridade na selección aqueles estudantes de Grao e Mestrado que non teñan realizado unha estada de mobilidade académica durante os seus estudos de Grao.
4. Terán prioridade na selección os estudantes que teñan maior puntuación (P) de acordo co seguinte baremo:

$$P = S \left(7,5 \frac{M_e}{M_t} + I \right)$$

onde S é o número de créditos ECTS superados polo estudante¹, M_e é a nota media do expediente do estudante, M_t é nota media da titulación e I valora o coñecemento do idioma do país de destino en función do nivel acreditado polo estudante dentro do marco común europeo de referencia para as linguas:

Nivel	I
A1	0,25
A2	0,50
B1	1,00
B2	1,50
C1	2,00
C2	2,50

En igualdade de puntuación, terán preferencia os alumnos que teñan cursado asignaturas implantadas en inglés.

5. No caso de que non se dispoña das notas do 1º cuatrimestre para realizar a selección, aos estudantes de Mestrado da EEI
 - non se lles aplicará a condición do punto 2 no momento da selección
 - se lles aplicará o baremo do punto 4 cas variables S , M_t e M_e referidas á súa titulación de Grao (incluíndo en S todos os créditos superados na titulación de grao).

No momento de iniciar o intercambio na universidade de destino, o estudante deberá cumprir tamén os criterios adicionais de créditos indicados no punto 3.

¹ Non se computan os créditos de 4º curso de grao nin os de 2º curso de mestrado.

3. Selección de estudantes e adxudicación das prazas

A selección dos estudantes da EEI e adxudicación das prazas do programa ERASMUS será realizada pola subdirección de relacións exteriores.

Seleccionaranse os estudantes da EEI segundo os criterios detallados no punto anterior. Cada praza do programa ERASMUS estudos adxudicaráselle ó estudante que teña maior puntuación no proceso de selección e que ademais cumpra cos requirimentos da praza:

- Requirimentos de idiomas da praza.
- No caso de que a praza teña asignado como titor un profesor da EEI, o estudante debe de contar coa carta de aceptación deste titor. O estudante debe cumprir os requisitos esixidos no listado de prazas do programa ERASMUS estudos anexo á convocatoria.

Para facer a estadía esixírase que, no momento de iniciar o intercambio, o estudante teña pendentes, como máximo, o número de créditos ECTS indicado na táboa seguinte, sen prexuízo de que o titor de destino esixa un número de créditos pendentes de superar menor:

Titulación	Créditos ECTS pendentes
Titulacións de grao	0 de 1º curso Máximo 24 de 2º e 3º curso
Mestrados da EEI	12 de 1º curso de mestrado

4. Publicación da relación provisional de bolseiros e alegacións

A relación provisional de bolseiros seleccionados publicarase na web da EEI e a través das lista de distribución de correo electrónico eei.alumnos@listas.uvigo.es.

O alumno dispoñerá de **cinco días hábiles**, contados a partir da data de publicación da lista provisional, para presentar alegacións.

Xunto coa resolución publicarase un listado de prazas libres non cubertas. Os alumnos en lista de espera ou excluídos poderán optar a algunha destas prazas dirixindo unha instancia á atención do Director da EEI acompañada da carta de aceptación do titor del destino, no caso de ser necesaria.

5. Resolución de incidencias

Delégase na dirección da EEI a resolución de tódalas incidencias que xurdan no procedemento de selección de estudantes para o programa ERASMUS estudos.

6. Disposición transitoria

Para os procesos de selección realizados durante os cursos académicos 21/22 e 22/23, o nº de créditos pendentes de grao do punto 3 computarase segundo a presente normativa e a normativa anterior (v. táboa seguinte), e aplicarase o criterio máis favorable ao estudante.

Titulación	Créditos ECTS pendentes de superar
Titulacións de grao ⁽¹⁾	0 de 1º e 2º curso 51 de 3º e 4º curso (*)

(*) Non se terán en conta os 12 créditos ECTS correspondentes o traballo fin de grao nin os 6 créditos ECTS correspondentes á materia optativa ou de prácticas en empresa.

Aprobado pola Comisión Permanente da EEI na reunión celebrada o 12 de decembro de 2022.